



exposicións

MAMA-FAME

do 1 ao 14 de outubro

Centro Comarcal de Valdeorras

de 9 a 14 h. e de 17 a 20

(luns a venres)

de 11 a 14 e de 17 a 20

(sábados, domingos e festivos)



UN PAÍS DESDE AS TÁBOAS

125 ANOS DE TEATRO GALEGO

do 2 ao 10 de outubro

Teatro Lauro Olmo

de 9 a 13 h. e de 19 a 21

(luns a venres)



VIVINDO CON VOLCÁNS

do 26 outubro ao 11 novembro

Centro Comarcal de Valdeorras

de 9 a 14 h. e de 17 a 20

(luns a venres)

de 11 a 14 e de 17 a 20

(sábados, domingos e festivos)



ven.5 [20 e 22:30]

sab.8 e dom.9

[17, 20 e 22:30]

luns 10

[20 e 22:30]

ven.12 e dom.14

[17, 20 e 22:30]

luns 15

[20 e 22:30]



CINE



sab.20 e dom.21

[17,20 e 22:30]

luns 22

[20 e 22:30]

sab.27 e dom.28

[17, 20 e 22:30]

luns 29

[20 e 22:30]



xoves 4

[20 e 22:30]



CINECLUB

GROUCHOMARK



xoves 18

[20 e 22:30]



xoves 25

[20 e 22:30]

O BARCO CULTURAL

outubro 07



www.concellodobarco.org



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



Autora e Directora:
Ánxeles Cuiña Bóveda

Elenco:
Nate Borrajo
Fernando Dacosta
Fina Calleja
Suso Díaz
Elena Seijo
Xosé A. Porto "Josito"
Sabela Gago
Tito Asorey
Yuri Sidar

hoves 11 outubro 21:00 h.
MARGAR NO PAZO DO TEMPO



(días 9 e 10 ás 12:00h. para Institutos)

Margar é unha ficción que ilumina algúns abismos recónditos do inconsciente humano. Verque unha ollada sobre a exclusión.

É unha historia que nos afecta directamente, que aspira a abrirse a unha pluralidade de lecturas. Estamos diante dunha posta en escena intertextual e escenográfica onde a significación depende da observadora, Margar (con que axiña vai identificarse o espectador/a), como fío condutor e posibilidade de síntese.

Hai un tratamento plástico, musical e xestual no que o texto é activado pola representación. Coloreado polas voces e polos xestos dos actores e actrices, tórnase físico, orgánico, adquire diferentes texturas nos sete núcleos da súa estrutura.

sábado 13 outubro 21:00 h.
PAREJA ABIERTA Cia. de Blanca Marsillach



Autor:
Dario Fó
Dirección:
Esteve Ferrer
Elenco:
Elena González e
Sérgio Pazos

Antonia Mambreti e Pio Antonini forman unha parella modélica, a súa vida pasa día tras día sen ningún contratepo de importancia nin ningún acontecemento relevante a parte das normais e numerosas aventuras extramatrimoniales del e dos normais e numerosos intentos de suicidio dela, todo dentro dunha "perfecta" e "harmoniosa" vida conxugal.

Pero esta situación cambiará dunha forma drástica cando, diante da insistencia e persistencia do seu marido, Antonia acepte transformar a súa clásica situación por un típico e democrático sistema de parella aberta no cal todo funciona á perfección, polo menos para el, mentres estea aberta por un só lado: o do marido. Pero chega o día en que Antonia xa aprendeu o suficiente como para empezar a experimentar, e buscando, buscando, atopa e así, comunícalle ao seu marido que decidiu cambialo por esta nova situación e, de paso, por un home maravilloso que, sen que o saiba o marido, non é máis que un produto da fantasía de Antonia e o formulación en voz alta, imaxinada e vingativa de todo o que sempre soñara nun home. Ou quizais non...? Existe en realidade este ser maravilloso?

mércoles 17 outubro 20:30 h.
VENTO METAL
Quinteto Santa Cecilia

Dirección: Miguel Brotóns
Elenco: Dúas trompetas,
trompa, trombón e tuba.

O quinteto interpreta pezas de diversos autores de música dende a época barroca ata temas do século XX. É un dos grupos máis antigos de Galicia.



Disque o choque permanente entre a ilusión e a realidade camiña parello ao devir dos pobos. E as historias que bolen de avós a pais a fillos case sempre acubillan ese tesouro: faiscas de fantasía que aínda nos deixan soñar un anaco, vagalumes do espírito, cachiños de esperanza recollidos dunha arrouxada, sen pensalo dúas veces. E para seguir vivindo facemos nosos todos eses contos de avós. A pé tecemos o camiño de doces desexos mesturados, inexorablemente, cos fios da realidade. Os ilusionistas chegan desexosos de contar historias, de espremer ilusións polos ombreiros do público.

Nova Galega de Danza agasállanos con contos maravillosos onde hai sabor a mar e a centeo e destelos da luz do sol e da lúa; e tamén, o son e o movemento renovados da vella terra, pero vencellados a ela, máis ca nunca e para sempre.



venres 19 outubro 21:00 h.
ENGADO
Nova Galega de Danza

Dirección artística:
Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer
Dirección musical:
Xosé Lois Romero
Coreografía:
Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer

Música:
Xosé Lois Romero e Pedro Lamas
Bailaríns:
Emma Cabañas
Liliane Fías
Ruth Cordero
Jaime Pablo Díaz
Vicente Colomer

Músicos:
Ricardo Rozas (Guitarra)
Miguel Queixas (Batería)
José Belmonte / Miguel Castro
(Vibráfono)
Xabier Díaz (Voz)
Pedro Lamas (Saxo y Gaita)
Xose L. Romero / Suso Iglesias
(Acordeón)

venres 26 outubro 21:00 h.
ARTE Fulano, Mengano e Citano



Autora:
Yasmina Reza
Dirección:
Celso Parada
Actores:
Manuel Botana "Marcos"
X.Manuel Conde "Serxio"
Manuel Pombal "Iván"

Con un humor ácido e unha mirada corrosiva, a dramaturga francesa Yasmina Reza introdúcese no mundo masculino diseccionandoo e cuestionandoo.. *Arte* presentanos a tres amigos ben situados, que poñen en perigo a súa relación a causa dunha disparidade de opinións sobre...a arte.

Serxio acaba de mercar un cadro moderno por unha grande suma de diñeiro. Marcos ódiao e non pode asumir como a un amigo seu lle poda gustar unha obra semellante...¡Branca! ...¡totalmente branca! Con unhas liñas apenas perceptíbeis tamén brancas.

Iván tenta, sen éxito, apaciguar as dúas partes. Se a tua amizade está baseada nun acordo tácito, ¿qué pasa cando unha persoa fai algo completamente diferente e inesperado?. A pregunta é: ¿eres quen crees que eres ou eres quen teus amigos creen que eres?

O acontecemento suscita unha tremenda polémica que pon en risco a súa amizade.

Arte é un xogo dramático que fuxe da anécdota, revélanse as grandes preguntas que plantexa a sociedade moderna : unha sociedade de mercado na que o diñeiro é a referencia de calidade, na que o compromiso non está dictado pola defensa duns ideais senon pola defensa dos intereses persoais.

O valor dos individuos non reside no que son, senón naquelo que se pode facer con eles. Uns retos, un gran debate público, presentados en forma divertida na tribuna dun teatro que brila polo a súa vivacidade e o seu humor, nesta deslumbrante comedia de Yasmina Reza.

mércoles 31 outubro 20:30 h.
EN TRANCE Intermission Dúo de Percusión



Os percusionistas galegos Pilar García Ríos e Ignacio Sanz formen este dúo que pretende achegar o mundo da percusión contemporánea a todos os públicos. Os seus concertos caracterízanse pola búsqueda de novas sonoridades cunha interpretación ao máis alto nivel de temas propios e de compositores consagrados.